

XUNTA DE COORDINACIÓN DO VALEDOR DO POBO, CELEBRADA O 4 DE MARZO DE 2019

DATA: 4 de marzo de 2019

HORA DE COMEZO: 09.30 h

HORA DE REMATE: 10.15 h

ASISTENTES:

Dona Milagros María Otero Parga (valedora do pobo)
Don Fernando Luis de Andrés Alonso (secretario xeral)
Dona María Beatriz González Moreno (coordinadora xeral)
Don Santiago González Serrano (xefe de servizo)
Don José Ramón Cólera Leirado (técnico)
Dona Nuria Palmero Sande (técnica)
Dona Cristina Fernández San Silvestre (técnica)
Don Jesús Salvador Fernández Moreda (técnico)
Dona Isabel Alvite Menor (técnica)

Orde do día:

- 1.-Lectura e aprobación, de ser o caso, da acta da última Xunta de Coordinación
- 2.-Estado das queixas e outros temas de actualidade
- 3.- Exame da liquidación orzamentaria correspondente a 2018
- 4.- Rogos e preguntas

Deliberacións

- 1.- Lectura e aprobación, de ser o caso, da acta da última Xunta de Coordinación**

A acta é aprobada sen ningunha obxección.

- 2.- Estado das queixas e outros temas de actualidade**

A valedora informa da súa entrevista cun reclamante por unha queixa da área de urbanismo. O xoves acudiu a unha xornada de transparencia como relatora.

O venres tivo a entrevista, xunto co secretario xeral, cos representantes da Federación Galega de Caza, que reclamaran a reunión para expresar o seu punto de vista sobre as queixas que lles afectan, o que fixeron.

Tamén acudiu ao acto de peche do máster da avogacía.

A coordinadora xeral expón o estado do informe, que está finalizado na súa práctica totalidade, pendente de revisións e de data de presentación.

O técnico Sr. Moreda expón a falta de resposta adecuada a unha queixa de urbanismo, que se examinará en detalle para decidir o que procede.

O xefe de servizo expón a necesidade de resolver sobre os servizos mínimos a aplicar na folga do próximo día 8.



3.- Exame da liquidación orzamentaria correspondente a 2018

O secretario xeral expón o contido do borrador da liquidación do orzamento, elaborado polos servizos económicos e a intervención do Parlamento de Galicia, que proximamente irá á Mesa do Parlamento. Non se obxecta nada.



4.- Rogos e preguntas

Sen contido.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario da Xunta de Coordinación,



Fernando de Andrés Alonso
Secretario xeral

V. e Pr.



Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo